



**Expte. Cividas: 2020011143**  
**GP – 2º T/2020**

## **DECRETO DA CONCELLERÍA DE FACENDA.**

Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/068/2020), de data 16/04/2020, fiscalizado pola Intervención Xeral (ref: 217D-20) en data 17/04/2020, en relación coa asignación que debe abonarse aos distintos grupos políticos que conforman a corporación municipal correspondente ao 2º trimestre do ano en curso, e visto o RC núm. operación 202000013605 contabilizado en data 13/04/2020 para a tramitación deste gasto.

Considerando, en relación co previsto na Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, en cuxo apartado 1 se dispón a suspensión dos termos e prazos administrativos, que a adopción deste acordo encaixa na excepción á regra xeral de suspensión prevista no apartado 4 da mesma DA, isto é “procedementos administrativos que (...) *que sexan indispensables para a protección do interese xeral (...)*”, por canto o adiamento na tramitación do expediente de aprobación de gastos, suporía contribuír a reducir ó agravamento das negativas consecuencias económicas que está producindo a crise sanitaria.

De conformidade co exposto, no exercicio das atribucións que me confiren as competencias delegadas segundo Decreto da Alcaldía núm. 2019006487 de 10 de setembro, así como o acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de setembro de 2019, de delegación de competencias nos seus membros, por medio do presente,

### **ACORDO:**

1. Acordar a continuación da tramitación do procedemento administrativo núm. 2020011143, ao abeiro do establecido na Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, do 17 de marzo, conforme á motivación recollida na parte expositiva desta resolución.
2. Autorizar e dispoñer o gasto, e recoñecer unha obriga a favor dos grupos municipais que se especifican, con cargo á aplicación orzamentaria ”**N130.9123.48900 Asignacións a grupos políticos municipais**” (RC nº 202000013605 de 14/04/2020), as seguintes cantidades en concepto de asignación económica á que se refire o art. 41 das Bases de execución do vixente Orzamento en relación co art. 73 da lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, correspondente ao período do segundo trimestre do actual exercicio:

<b>CIF</b>	<b>Asignación fixa</b>	<b>Núm.</b>	<b>Asignación variable</b>	<b>Total</b>
<b>Nome</b>	<b>2º Trimestre</b>	<b>Concelleiros</b>	<b>2º Trimestre</b>	
V32420655	1.350,00	7	9.450,00	<b>10.800,00</b>



Grupo municipal Democracia Ourensana

V32372922	1.350,00	7	9.450,00	<b>10.800,00</b>
-----------	----------	---	----------	------------------

Grupo municipal do Partido Popular

V32372310	1.350,00	9	12.150,00	<b>13.500,00</b>
-----------	----------	---	-----------	------------------

Grupo municipal Socialista do Concello de Ourense

V32501520	1.350,00	2	2.700,00	<b>4.050,00</b>
-----------	----------	---	----------	-----------------

Grupo municipal Ciudadanos

V32501439	1.350,00	2	2.700,00	<b>4.050,00</b>
-----------	----------	---	----------	-----------------

Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego

<b>Total asignacións</b>	<b>43.200,00 €</b>
--------------------------	--------------------

3. Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.
4. Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados dende o día hábil seguinte ó da perda de vixencia do estado de alarma aprobado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, (suspensión de prazos procesuais previsto na Disposición adicional segunda do RD 463/2020, agás as excepcións previas nos seus apartados 2, 3 e 4), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

O manda e asina a Sra Concelleira delegada de Facenda, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

